

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cancioneiro Popular Galego

Título: Cancioneiro Popular Galego

Editorial: Follas Novas

Ano de publicación: 2005.

Lugar de publicación: Santiago de Compostela

ISBN: 84-85385-90-X

Autor: Álvaro DE LAS CASAS (Edición facsimilar. Introducción de Armando Requeixo)

Ilustracións. Baldo Ramos.

Descrición: 94 páx.

Colección: Libros da Frouma

[Da Introducción, por Armando Requeixo]

...coido que o interese do libro vén dado por tres outras razóns: a primeira ten que ver co seu carácter de summa compiladora dentro da produción do ourensán, que dá aquí o mellor dos seus froitos como investigador da tradición literaria oral, ofrecendo un volume amplo e compensado, onde teñen cabida cantares de moi diverso tipo e procedencia; a segunda explícase polo feito de ser esta unha monografía que, polo lugar no que foi publicada, necesariamente houbo cumprir un valioso papel duplo: de simpático proceso de evocación

identitaria das orixes para os emigrantes galegos e de accesible fiestra dende a que descubrir tal tradición literaria para os suramericanos non instalados na nosa cultura; e a terceira e última das razóns céntrase no alcance histórico da obra, o primeiro dos traballos de entidade sobre a literatura galega de tradición oral publicado en libro logo do inicio da Guerra Civil, nun tempo no que non só escasearon as monografías sobre desta temática, senón, en xeral, calquera clase de escrito na nosa lingua.

